

DÉCIMO NOVENO ACORDO DE PRÓRROGA DO CONCERTO SUBSCRITO ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, PUBLICADO POR ORDE DO 20 DE DECEMBRO DE 2001.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital (27.6.2025)

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación deste último en virtude das facultades atribuídas no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade coa Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo, que actúa en nome e representación da Universidade en virtude do seu nomeamento polo Decreto 110/2022, do 9 de xuño, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal para subscribir o presente acordo, e para isto,

EXPOÑEN

Por Orde da Consellería de Sanidade do 20 de decembro de 2001 publicouse o Concerto entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde para a utilización das Institucións Sanitarias na investigación e docencia universitarias.

O dito Concerto entrou en vigor o 30 de decembro do 2001.

A cláusula vixésimo terceira do dito Concerto, establece, respecto da súa vixencia, o seguinte:

"A duración do presente concerto establécese por un prazo de cinco anos. Non obstante, os termos deste acordo poden ser revisados por petición de calquera das dúas partes, aínda que as modificacións que se propoñan terán que ser acordadas antes do 30 de xuño de cada

ano e non serán efectivas ata o curso seguinte.

Seis meses antes de que expire a duración do concerto as institucións intervenientes terán que decidir respecto da súa prórroga por idéntico período ou a súa renegociación ou remate. En caso de non chegar a un acordo, considerarase automaticamente prorrogado ata o establecemento de novo acordo”.

Con base na citada cláusula, o Concerto concluíu a súa vixencia inicial o 29 de decembro do 2006, prorrogándose por un prazo de ano e medio dende o 30 de decembro do 2006 ata o 30 de xuño do 2008, e posteriormente prorrogado en períodos sucesivos dun ano, sendo a máis recente dende o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025.

Os anteriores acordos de prórroga subscribíronos a persoa titular da presidencia do Servizo Galego de Saúde e a persoa titular da Reitoría da Universidade de Vigo, previa autorización do Consello da Xunta de Galicia.

Ao non existir proposta expresa polas partes asinantes acerca do remate deste Concerto, procede formalizar unha nova prórroga.

Polo exposto, ambas as dúas partes

ACORDAN

Primeiro. Prorrogar por un período dun ano o Concerto entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde para a utilización das Institucións Sanitarias na investigación e docencia universitarias, publicado pola Orde do 20 de decembro de 2001, cuxa vixencia inicial máis as prórrogas xa formalizadas finaliza o 30 de xuño de 2025.

Segundo. O custo total da prórroga do Concerto é, inicialmente e a expensas da repercusión nesa contía da actividade que efectivamente se realice polo persoal vinculado ao Concerto obxecto desta prórroga, de cento vinte e sete mil cincocentos corenta e cinco euros con oitenta e cinco céntimos (127.545,85 €) correspondendo sesenta e dous mil novecentos cincuenta e sete euros con setenta e cinco céntimos (62.957,75 €) ao segundo semestre do ano 2025, e sesenta e catro mil cincocentos oitenta e oito euros con dez céntimos (64.588,10) € ao primeiro semestre do ano 2026, contías que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3601/412A/444.0 “Convenios con Universidades”.

O dito importe financia todos os custos de persoal derivados da dispoñibilidade da estrutura asistencial do sistema sanitario para a docencia pregraduada, posgraduada e continuada dos/as profesionais no dito período e o cumprimento dos diversos acordos e obxectivos asistenciais, docentes e de investigación establecidos no desenvolvemento e execución da presente colaboración.

Terceiro. Este acordo de prórroga entrará en vigor o 1 de xullo de 2025 e rematará a súa vixencia na data de formalización do novo concerto ou, en caso de non asinarse este novo acordo antes, o día 30 de xuño de 2026.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Universidade de Vigo

D. Antonio Gómez Caamaño

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger